

Axuda programación xogo Aforcado

Os pasos máis importantes para realizar o programa serían:

1. Introducir librerías, función principal e variables.
2. O xogador 1 introduce a frase que ten que averiguar o xogador 2 e borra a pantalla.
3. Imprimir os ocos das letras da frase. Por exemplo se a frase era: "ola son eu" tería que aparecer o seguinte: _ _ _ _ _ _ _ _ _ _ (os espazos tamén hai que metelos)
4. Teremos que crear un bucle no que iríamos introducindo as letras e os seguintes pasos. Recomendo utilizar un vector de caracteres que eu lle chamei por exemplo entrada para evitar problemas por darlle por exemplo a dúas teclas.

```
fgets(entrada,20,stdin);  
letra=entrada[0];
```

5. Introducimos na frase oculta os caracteres acertados
6. Escribimos como nos vai quedando a frase oculta
7. Comparamos a palabra introducida polo xogador 1 e a oculta
8. Segundo o número de erros que levemos facemos un switch para debuxar o moneco. Tedes o código na aula virtual.

```
switch(erros)  
{  
case 1:  
printf("\n\n\n\n\n");  
printf("_ _\n");  
break;
```

```
case 2:  
printf("\n");  
printf(" | \n");  
printf(" | \n");  
printf(" | \n");  
printf("_ _\n");  
break;
```

```
case 3:  
printf("\n");  
printf(" _ _\n");  
printf(" | \n");  
printf(" | \n");  
printf(" | \n");  
printf("_ _\n");  
break;
```

```
case 4:  
printf("\n");  
printf(" _ _\n");  
printf(" | | \n");  
printf(" | o \n");  
printf(" | \n");  
printf("_ _\n");  
break;
```

```

case 5:
printf("\n");
printf(" _ _\n");
printf(" | |\n");
printf(" | o\n");
printf(" | |\n");
printf("_|\n");
break;

case 6:
printf("\n");
printf(" _ _\n");
printf(" | |\n");
printf(" | o\n");
printf(" | |\n");
printf("_|_ / \\\n");
break;

} //Fin do switch

```

9. Indicamos cantos erros leva e cantas veces pode equivocarse máis.

10. Introducimos cando debe rematar o bucle.

11. Sinalamos quen é o gañador e senón puido acertar a frase, escribimos cal era a frase a adiviñar.

12. Como mellora poderíamos indicar en cada paso do bucle cales son os caracteres que foi introducindo.